

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA	
CÓDIGO	
MATERIA	Deseño de Escenografía
DISCIPLINA	Iluminación II
TITULACIÓN	Titulación Superior en Arte Dramática
ESPECIALIDADE	Escenografía
ITINERARIO	
CURSO	2º
CRÉDITOS ECTS	2
CARÁCTER	Obrigatorio
DEPARTAMENTO	Escenografía
CENTRO	ESAD de Galicia
COORDINADORA	Alejandra Montemayor Suárez
DOCENTE	Nome e apelidos: Alejandra Montemayor Suárez Horario titorías: http://www.esadgalicia.com/spa/profesorado.php?id=2&tit=Titor%EDas Despacho: Contacto: diasdeluz@gmail.com / alejandra.montemayor@edu.xunta.es
DESCRIPCIÓN	Coñecemento avanzado e utilización dos principios de estrutura, forma, cor, textura, espazo e volume, aplicados ao deseño da iluminación. Afondamento nos coñecementos do uso da cor en iluminación. Desenvolvemento da execución da documentación técnica precisa (follas técnicas, planos de luces...). A organización no proceso da montaxe. Análise da luz en contacto cos outros elementos do espazo escénico.
COÑECEMENTOS PREVIOS	Aconsellanse os acadados na materia de Iluminación I.
LINGUA EN QUE SE IMPARTE	Galego X Castelán X Inglés
2. COMPETENCIAS	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DA DISCIPLINA	
T2	Recoller información significativa, analízala, sintetízala e xestionala adecuadamente.
T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
T13	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.
COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN	
X5	Fomentar a expresión e a creación persoal, integrando os coñecementos teóricos, técnicos e prácticos adquiridos; mostrando sinceridade, responsabilidade e xenerosidade no proceso creativo; asumindo o risco, tolerando o fracaso e valorando de maneira equilibrada o éxito social.
X6	Desenvolver unha metodoloxía de traballo, estudo e investigación encamiñada á autoformación na propia disciplina, procurando ámbitos axeitados para a formación continuada e para adaptarse a diversas situacións, especialmente ás derivadas da evolución da súa profesión.
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE	
EE1	Concibir as ideas e propostas que fundamentan a creación do deseño, explorando a dinámica do espazo, do corpo e da luz, valorando as súas propiedades representativas e a súa calidade estética.

EE2	Proxectar a composición do deseño a través do uso do coñecemento dos procedementos técnicos e de representación.	
EE5	Estudar para concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire ás metodoloxías de traballo como á renovación estética.	
3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA		
COMPETENCIAS VINCULADAS		
1. Aplicar os coñecementos técnicos acadados na materia de Iluminación I.	T2, T3, T8, T13, X5, X6, EE1, EE2, EE5	
2. Ter experiencias prácticas coa luz que lle permitan ao/á alumn@ comezar desenvolverse de xeito práctico e real neste eido.	T2, T3, T8, T13, X5, X6, EE2,	
3. Comezar amosar sensibilidade estética e creativa dende a concepción do iluminador como creador.	T2, T3, T8, T13, X5	
4. Iniciarse na configuración dun sentido estético-práctico para levar a cabo proxectos executables.	T2, T3, T8, T13, X5, X6, EE1, EE2, EE5	
5. Comprender a relación do traballo entre @ iluminador/a, @ escenógraf@, @ figurinista e @ director/a de escena.	T3, T8, T13, EE5	
6. Comezar aprender e considerar as posibilidades técnicas reais dunha montaxe e saber adaptar os deseños aos recursos dos que se dispoña.	T2, T3, T8, T13, X5, X6, EE2, EE5	
4. CONTIDOS		
TEMAS	SUBTEMAS	HORAS
1. Principios básicos de electricidade.	1.1. Teoría atómica. 1.2. Conductores e illantes. 1.3. Corrente eléctrica. Tipos de corrente. 1.4. Magnitudes eléctricas. 1.5. Lei de Ohm.	1
2. A seguridade.	2.1. Traballar con seguridade en iluminación. 2.2. A normativa vixente. 2.3. Mantemento de equipos.	2
3. Organización do proceso da montaxe.	3.3. A montaxe técnica. 3.3.1. A ubicación dos proxectores. Direccionamento e filtrado. 3.3.2. O traballo no dimmer. Cableado e patcheado. 3.3.3. O traballo na mesa de luces. Asignación, gravación. 3.4. O pase técnico.	4
4. A luz conformadora do espazo.	4.1. A procura da tridimensionalidade no espazo por medio da luz. 4.2. Xerar planos. 4.3. Luz dura, semidifusa e difusa. 4.4. A luz como obxecto, conformadora da composición espacial. 4.5. O volume dos elementos. 4.6. A dualidade luz-sombra. 4.7. Contrastes de intensidade e contrastes de cor. 4.8. Luces xerais, luces puntuais, luces de efecto.	4

5. A sombra conformadora do espazo.	5.1. Tipos de sombra. 5.1.1. Sombras propias. 5.1.2. Sombras lanzadas. 5.1.3. Sombras de clave alta, media e baixa. 5.2. A sombra segundo a posición do foco de luz. 5.3. Contraste entre luces e sombras. 5.4. A sombra como obxecto escénico.	3
6. A luz creadora do personaxe.	6.1. Modificación das características psicofísicas do personaxe por medio da luz. 6.1.1. A luz e a sombra segundo a ubicación e a dirección da fonte de luz 6.2.2. Luz dura, difusa e semidifusa. 6.2.3. O modelado dos corpos. 6.2.4. A cor nos personaxes.	4
4. A materialización da luz.	4.1. A interacción entre luz, cor, texturas, e materiais. 4.1.2. A modificación dun mesmo espazo mediante a luz. 4.1.3. A importancia do tempo de permanencia da luz	3
8. A cor.	8.1. A ambientación do espazo. 8.1.1. Temperatura de cor fría vs cálida. 8.1.2. Aplicación dos filtros de cor. 8.2. O volume mediante a cor. 8.3. Xerar planos. 8.4. A cor na sombra. 8.5. Psicoloxía da cor.	4
9. Recursos para a transmisión de datos.	9.1. O plano de luces básico. 9.2. O bosquejo de atmosfera inicial.	3
10. Traballos en torno á iluminación.	6.1. Análise do traballo de iluminadores/as pertencentes a distintos campos: teatro, cinema, artes plásticas, arquitectura...	2
11* Simuladores da iluminación	*No caso de que, por mor da emerxencia sanitaria non fose posíbel a asistencia a clase e por tanto non se pudieran facer as prácticas, valorariase a posibilidade de tentar compensar estas có emprego dun software de iluminación. O número de horas dependería das prácticas realizadas ata a data na que se instaurase a docencia non presencial.	
TOTAL HORAS		30

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE

Actividade / Número de horas	Presencial (horas)	Non presencial (horas)	Total
Exposición maxistral	2		2
Exposición práctico-teórica	10	10	20
Práctica individual	7		7
Práctica colectiva	5	10	15
Titorías individuais	3		3

Actividades de avaliación. Probas	3	10	13
TOTAL	30	30	60
PORCENTAXE	50%	50%	

6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSINANZA E APRENDIZAXE

Actividades	Descrición
Exposicións maxistrals.	Exposicións por parte da docente dos coñecementos teóricos precisos para o desenvolvemento da práctica da iluminación teatral.
Exposicións práctico-teóricas.	Faranse tanto no teatro como na aula, realizando unha práctica ao mesmo tempo que o profesor indica as directrices teóricas.
Prácticas individuais e colectivas.	Desenvolveranse baixo a supervisión do docente, aplicando os contidos aprendidos.
Titorías individuais.	Asesoramento sobre os diversos temas que compoñen a programación tanto de xeito teórico como teórico-práctico.

7. ATENCIÓN PERSONALIZADA

Seguimento	Farase un seguimento personalizado nas prácticas tanto avaliáveis como non avaliáveis.
------------	--

8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN

8. 1 Avaliación ordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Desenvolvemento dun traballo teórico-práctico aplicando os coñecementos acadados tanto nesta materia como na de Iluminación I.	T2, T3, T8, T13, X5, X6, EE1, EE2, EE5	50%
Rexistros de observacións das prácticas realizadas na clase, tanto individuais coma colectivas	T2, T3, T8, T13, X5, X6, EE1, EE2, EE5	30%
Asistencia a clase, participación, puntualidade...	T13	20%

Descrición do traballo:

O traballo ten por obxectivo aplicar os coñecementos das materia de Iluminación I e Iluminación II. Para isto, traballárase a partir dun fragmento ou escena dun texto para o que se elixirá un determinado tipo de iluminación. A elección de dito fragmento será pactado coa profesora nas primeiras semanas do segundo cuadrimestre. O traballo será revisado paulatinamente pola profesora e é fundamental a asistencia a titoría.

Seguiranse os seguintes pasos:

1. Escolla dunha escena dun texto e análise da mesma. Cómpre sinalar o estilo da escrita, onde a ubicamos, os personaxes que interveñen na mesma, e a escenografía e o vestuario que se vai empregar. Asemade, o ambiente ou sensación que quero aportar coa luz e as sombras.
2. Referentes visuais. Serverán para transmitirle á profesora e tamén como investigación persoal, o ambiente que quero xerar. Serven cadros, fotografías, etc.
3. Story board cos diferentes cambio en pranta da iluminación e os elementos.
4. Escolla dos proxectores, colocación e dirección dos mesmos, filtros, etc. Explicación por escrito de por que emprego un determinado material técnico e non outro, un determinado esquema de iluminación ou luces puntuais, cómo creo que afectarán luces e sombras aos personaxes, etc. Cómpre empregar a nomenclatura aprendida ao longo do ano.
5. Plano en pranta a escala do plano de luces, debuxando tamén a escenografía. Tamaño A4 e feito en CAD. No plano deberán figurar tanto os proxectores coma os filtros (que deberán ser específicos de catálogo), os circuitos, canles, e todo o preciso para que sexa práctico. Deberá tamén ter as cartelas de proxectores, filtros, etc. O espazo no que se desenvolverá este traballo será a Sala Pedra Seixa.
6. Reflexión persoal sobre o proceso de traballo. Análise sobre o resultado, as dificultades atopadas, as diferenzas entre o proxectado e as variacións feitas tralas probas prácticas co material, etc.

Nota 1: O 10% de faltas de asistencia a clase suporá a perda da avaliación continua.

Nota 2: Para aprobar a materia todas as partes deberán ser superadas

8.2. Avaliación extraordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Desenvolvemento dun traballo teórico-práctico aplicando os coñecementos desenvolvidos tanto nesta materia como na de Iluminación I. As partes do traballo serán as redactadas anteriormente	T2, T3, T8, T13, X5, X6, EE1, EE2, EE5	50%
Proba práctica no teatro.	T3,T13, EE1, EE2	50%

Nota 1: O/a alumno/a que se atope nesta situación deberá poñerse en contacto coa profesora para supervisar a elección do texto con tempo de antelación dabondo.

Nota 2: Para aprobar a materia será preciso superar ambas probas.

Nota 3: A profesora deberá revisar o traballo antes da entrega extraordinaria ao menos en dúas ocasións.

8.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Desenvolvemento dun traballo teórico-práctico aplicando os coñecementos desenvolvidos tanto nesta materia como na de Iluminación I. As partes do traballo serán as redactadas anteriormente	T2, T3, T8, T13, X5, X6, EE1, EE2, EE5	50%
Proba práctica no teatro.	T3,T13, EE1, EE2	50%

Nota 1: O/a alumno/a que se atope nesta situación deberá poñerse en contacto coa profesora ao menos con dous meses de antelación para a supervisión do texto.

Nota 2: Para aprobar a materia será preciso superar ambas probas.

Nota 3: A profesora deberá revisar o traballo antes da entrega extraordinaria ao menos en dúas ocasións.

9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS

Referencias básicas

KUEPPERS, Harald (1985): *Fundamentos de la teoría de los colores*, Ed. Gustavo Gili, Barcelona.

MORENO, JUAN CARLOS – LINARES, CÉSAR (2005): *Cuadernos de Técnicas Escénicas, Iluminación*. Editorial Ñaque. Ciudad Real.

SIRLIN, ELI (2006): *La luz en el teatro. Manual de iluminación*. Inteatro, Instituto Nacional del Teatro. Colección Pedagogía Teatral. Buenos Aires.

TORNQUIST, JORRIT (2008): *Color y luz, teoría y práctica*. Ed. Gustavo Gili. Barcelona.

YOT, RICHARD (2011): *Guía para usar la luz*. Ed. Blume. Londres.

Referencias complementarias

DREYER, KEVIN (2020): *Dance and light. The partnership between choreography and lighting design*. Ed. Routledge. Nueva York.

GALLARDO, SUSANA (2007): *Historia de la luz. El primitivo deslumbramiento ante la luz. Las teorías sobre su naturaleza y sus modernos usos en la industria de la información*. Ed. Capital intelectual. Estación ciencia. Buenos Aires.

HELLER, EVA (2004): *Psicología del color. Cómo actúan los colores sobre los sentimientos y la razón*. Ed. Gustavo Gili, Barcelona.

KALTENBACH, FRANK (2007): *Materiales translúcidos. Vidrio. Plástico. Metal*. Ed. Gustavo Gili. Detail Praxis. Barcelona.

LOISELEUX, JACQUES (2004): *La luz en el cine. Cómo se ilumina con palabras. Cómo se escribe con la luz*. Ed. Paidós, "Cahiers du Cinéma". Barcelona.

MAAK, TIM HENRYK y PAWLIK, KAY (2011): *Un discurso de la luz*. Editado por Erco, Alemania.

MANZANO ORREGO, J. JOSÉ (2008): *Electricidad I, Teoría básica y prácticas*. Marcombo Ediciones Técnicas.

ROSSO, PACO (2019): *Control de la iluminación*. Ed. Paraninfo. Madrid.

ROSSO, PACO (2017): *Luminotecnia. Iluminación, captación y tratamiento de la imagen*. Ed. Altaria, SL. Tarragona.

SÁ, ALFRED (2015): *Aplicaciones del LED en diseño de iluminación*. Ed. Marcombo. España.

SÁNCHEZ, JOSÉ ANTONIO (2005): *Dramaturgias de la imagen*. Universidad de Castilla la Mancha.

SIMPSON, ROBERT (2003): *Control de la iluminación. Tecnología y aplicaciones*. Ed. Focal Press. Escuela de Cine y Vídeo. Guipúzcoa.

10. OBSERVACIONES / RECOMENDACIONES

- Para unha realización segura das prácticas no teatro, será preciso asistir a clase cun calzado axeitado con sola de goma. Non se poderá asistir a clase con sandalias ou calzado similar nin con tacóns.
- Está prohibido acudir a clase tendo consumido alcol ou calquera tipo de sustancias estupefacientes.
- Atención á diversidade: ao tratarse dunha materia cunha gran carga práctica, valorarase cada posible situación de xeito particular para garantir unha resposta ás necesidades temporais ou permanentes de todo o alumnado.
- Esta materia precisa desenvolver as súas prácticas na Sala Pedra Seixa.

MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a ESAD de Galicia establece unha planificación extraordinaria que se **ACTIVARÁ NO MOMENTO EN QUE A ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA O DETERMINE**, atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da presente programación docente. No suposto de que se produza unha emerxencia, a presente programación non sufrirá máis modificación que a derivada da necesidade de articular unha avaliación non presencial, para o que se establecerán as adaptacións necesarias nas actividades e ferramentas de avaliación, en relación coas competencias que se indican e coa ponderación que se sinala.

Para o caso da avaliación non presencial de toda a disciplina, as ferramentas e actividades de avaliación serán as que seguen:

FERRAMENTA 1: Dependendo do número de prácticas desenvolvidas ata a data na que a docencia deixara de ser presencial, valoraríase a posibilidade de adiantar contidos das disciplinas de Iluminación IV e Obradoiro I do terceiro curso de Escenografía para comezar a manexar un software de iluminación que permita a simulación da mesma.

ACTIVIDADE 1. Desenvolvemento dun traballo teórico aplicando os coñecementos acadados tanto nesta materia como na de Iluminación I. Competencias: T2, T3, T8, T13, X5, X6, EE1, EE2, EE5. Ponderación: 100%

No caso de que o tránsito se produza iniciado xa o curso escolar, o profesorado combinará a avaliación do traballo presencial do alumnado coa avaliación do traballo non presencial, determinando as ferramentas (presenciais e non presenciais) a utilizar e a ponderación das mesmas.

As prácticas farianse no momento no que se puidera acceder ao centro.

AS PRESENTES MEDIDAS PODERÁN SER OBXECTO DE MODIFICACIÓN EN FUNCIÓN DAS DIRECTRICES OU INTRUCIÓNS QUE POIDA FACER PÚBLICAS A ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA, QUE SE COMUNICARÁN EN TEMPO E FORMA AO ALUMNADO POLAS CANLES HABITUAIS (PÁXINA WEB E CORREO ELECTRÓNICO).

